

Acta 2º Sesión PFPP Consolidación da estratexia internacional do IES Mendiño

Data: 9/12/2025

Hora: 15:00-17:00

Lugar: Sala de profesores do IES Mendiño

Participantes: Ana Alvarellos Pérez, Rafael Campos Lages, María Filgueira Alfonso, Jose Antonio Martínez Domínguez, Nair Melo Pazos, Ramón Noche Fraga, Adriana Pérez Pazo, Clara María Riveiro Collazo.

Orden do día:

- Elaboración do protocolo para a organización de intercambios.
- Valoración do intercambio con Irlanda
- Organización do intercambio con Alemaña
- Organización do intercambio con Francia

Temas tratados:

Protocolo para a elaboración de intercambios.

- 1º Enviar formulario de participación impreso ás familias do alumnado do nivel participante informando da actividade, no que se inclúan os criterios de selección e compromisos que implica a participación. As familias serán informadas por abalar do envío de dito formulario. Os formularios entregados fora de prazo non serán tidos en conta.

- 2º Selección do alumnado participante en base os criterios aprobados na sesión anterior e incluídos na solicitude de acreditación Erasmus:

* 2 puntos – situación socioeconómica do alumnado:

- Ata 1 punto informe de orientación
- Ata 1 punto cheque de material (só aplicable na ESO)

* 2 puntos – rendemento académico positivo:

- 1 punto nota media da lingua estranxeira obxecto de estudo no curso anterior.
- 1 punto nota media do curso anterior (XADE).

* 1 punto – alumnado con dificultade de integración por distintas cuestións tales como o país de procedencia, ou sexualidade.

* 1 punto – alumnado non participante en outro intercambio do centro.

* 2 puntos – valoración da actitude participativa e responsable do alumnado por parte do equipo docente.

* 2 puntos – valoración da carta de motivación do alumnado por 3 profesores, dous de eles que non lles dean clase.

En caso de empate decidirá a nota media máis alta no xade e logo a nota media do idioma, no caso de persistir o empate, farase sorteo.

- 3º Reunión coas familias na que se comunicará o alumnado seleccionado e o alumnado en lista de agarda, se o houbera. Cada familia recibirá a súa nota do baremo desglosada. Proporcionaránse tamén os datos do intercambio que se teñan ata o momento.

- 4º Entrega ás familias do compromiso de participación para devolver asinado xunto co permiso de tratamento da imaxe.

* Ter superado o proceso de selección non garante a participación no intercambio se se incumpren as normas de convivencia do centro.

- Outras cuestións a ter en conta:

* O profesor ou profesora organizador do intercambio será o responsable de seleccionar o profesorado acompañante.

* O aloxamento dos profesorado acompañante pode ser:

En familia co profesorado do centro destino.

En aloxamento privado, neste caso, o custo do aloxamento correrá a cargo das familias participante.

* En ámbolos casos, o profesorado cobrará as dietas estipuladas segundo o país de destino.

* Fondo de imprevistos: acordase falar co secretario do centro para ver o mellor xeito xestionar un fondo de imprevistos para o profesorado acompañante e que este non teña que correr con todos os gastos anticipadamente.

* Gastos de representación, agasallos para o centro e profesorado de acollida, comida co profesorado visitante e comida de benvida para o profesorado e alumnado visitante: acordase falar co equipo directivo para xestionar estes gastos.

- * Solicitarase ó centro educativo un listado oficial co alumnado participante e o profesorado a cargo, antes de viaxar.
- * Proporcionarase ás familias un modelo de informe médico para aquel alumnado que precise achegalo na viaxe.

A organización dos intercambios con Alemaña e Francia, previstos do 3-10 de febreiro e 22 a 29 de abril respectivamente, farase seguindo o protocolo anteriormente detallado, partindo, cada un, do punto no que se atopan actualmente.

A valoración do intercambio con Irlanda foi moi positiva, non só a nivel académico, senón tamén no que se refire ó desenrolo da autonomía do alumnado, integración e convivencia, tanto no centro de destino como entre alumnado participante do noso centro. A implicación das familias foi tamén moi positiva, deixando constancia do seu agradecemento nas enquisas de valoración da actividade.